



# LUZ PARA ILUMINAR AS NACIONES

MATERIAIS EDUCATIVOS PARA AS PÓLAS  
LUZ DA PAZ DE BELÉN





## **MOVIMIENTO SCOUT CATÓLICO**

**EDICIÓN:** Consello Xeral 2021-2023

**EQUIPO PASTORAL:** José Felipe Fernández, Encarnación Gil

**AUTORES:**

**Castores:** Encarnación María Gil Rodríguez

**Lobatos:** Encarnación María Gil Rodríguez

**Exploradores:** Santi Rodríguez Cases, Esther Martínez Bienvenido, Eva Cano García

**Pioners/Caravel·les:** Eduardo Martínez Velarde

**Rutas:** Clan Wigwam, Vélez-Málaga (SCA)

**Kraal e adultos:** José Felipe Fernández López

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Equipo técnico de Comunicación de Scouts MSC

**© ScoutsMSC 2023**

Este material está pensado para o seu uso por Scouts MSC e todas as súas asociacións membros.

Recoñecemento - Permítese a creación de obras derivadas sempre debidamente recoñecendo a autoría e cuxa finalidade non sexa comercial.



# Eu son a luz do mundo

Jn. 8,12



# Índice

|                 |    |
|-----------------|----|
| Introducción    | 5  |
| De 6 a 8 anos   | 6  |
| De 9 a 11 anos  | 23 |
| De 12 a 14 anos | 40 |
| De 15 a 17 anos | 58 |
| De 18 a 23 anos | 75 |
| Kraal i adults  | 92 |





# Introducción aos materiais

Dende o Movemento Scout Católico ofrecémosche estes materiais para traballar durante o Advento a chegada da Luz da Paz de Belén, sabendo que é símbolo da chegada de Xesús, que é o centro do que celebramos no tempo de Nadal.

Esta chegada da Luz da Paz de Belén, que con tanto celo e esforzo nos achega a grupos scouts, colexios, parroquias e tantas realidades eclesiais é impulso para que non quede nelas, senón que siga repartíndose como símbolo de paz e de servizo.

Este material é unha axuda sinxela que sempre se pode enriquecer dende a orixinalidade dos monitores e responsables.

Coma sempre, está distribuída en rangos de idade e tamén inclúe aos adultos e responsables.

Este ano repartimos as 4 semanas en catro temáticas concretas, saíndonos un pouco dos evanxeos que se len nos catro domingos de advento.

Esta é a distribución por semanas:

**Primeira semana:** A Anunciación. Confiar.

**Segunda semana:** A Visitación. Ponte en camiño.

**Terceira semana:** A Pousada. Entrega/servizo.

**Cuarta semana:** Os Pastores. Testemuñas.

Esperamos que estes materiais che sexan de axuda e a luz que é Cristo siga iluminando nas nosas vidas para que tamén nós sexamos luz que leve paz a todos os recunchos do noso mundo.



**6 a 8 anos**





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 1, 26-38

Aos seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

-Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

-Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ao anxo:

-E como pode ser isto, pois eu son virxe?

O anxo replicoulle:

-O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou:

-Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onde ela.







Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Conto



### O cabalo

Había unha vez un rapaz que se chamaba Israel. Encantábanlle os animais. Se puidese, tería unha granxa con todo tipo de animais para coidalos. Os animais que máis lle gustaban eran os cabalos.

Ese ano, ao rematar o colexio, seus pais lle preguntaron que quería facer durante o verán: se ir a un campamento ou dar clases de teatro. Tiña que dicir as súas preferencias para escoller unha gran actividade. Israel non o pensou moito, xa que o tiña decidido: quería ir a un campamento no que houbera cabalos.

A súa familia estivo dacordo e o apuntaron ao campamento. Aos poucos días, encheu a mochila con roupa, despediuse de todos e subiu ao autobú que o levaría ao campamento dos seus soños.

Ao chegar, confiáronlle unha tarefa. Tiña que coidar un poldro durante tódolos días que estivera alí.

Israel ao principio púxose nervioso. Nunca coidara dun cabalo. Gustábanlle moitísimo, pero nunca tivera ao seu cargo a ningún. Tiña claro que, se o responsable lle mandara esa tarefa, é porque estaba capacitado para realizala.

Dende ese momento dispúxose a aprender todo o que puidera sobre o coido dos cabalos, deixándose guiar polo seu monitor, sabendo que estaba en boas mans. Moitas veces dubidaba sobre se o estaba a facer ben ou non, pero consultaba co seu monitor e el lle daba a confianza para que seguira realizando a súa tarefa.

Durante ese campamento non houbo cabalo que estivera mellor coidado, xa que Israel esforzouse en demostrar o acertado que estivera o monitor ao confiar nel.





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Actividade

### Coller da man

Precísase un espazo grande. Os participantes irán cos ollos vendados. Coa sinal, os participantes deambularán en silencio polo espazo. Cada vez que se atopen con alguén, deben darlle a man. O xogo rematará cando todos se atopen.

É conveniente que unha ou varias persos controlen os límites do espazo para que non haxa percances.

Variantes: que se destape os ollos unha persoa para que sen falar vaia guiando aos outros.





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Oración



Bos días Nai María, aquí nos atopamos, e te saudamos no nome do Pai, Fillo e Espírito Santo. Vimos pasar un rato contigo, queremos escoitarte, queremos coñecerte máis.

Fala co teu Fillo e dille que queremos ter tanta confianza como a que ti tiveches e que saibamos deixarnos guiar por todos os que queren ensinarnos. A ti cho pedimos. Amén.







Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 1, 39-56

Naqueles mesmos días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou: A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador, porque reparou na súa humilde escraviña. Velaí: desde agora tódalas xeracións me van felicitar. Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo; a súa misericordia chega xeración tras xeración a todos os que o temen. Manifesta o poder do seu brazo, desbaratando os plans dos soberbios. Derruba do seu trono aos poderosos, e fai subir os humildes; aos famentos éncheos de bens, e aos ricos despídeos baleiros. Ampara a Israel, o seu Servidor, lembrándose da súa misericordia, conforme prometera a nosos pais, en favor de Abraham e da súa descendencia para sempre.


María permaneceu con ela tres meses, e logo volveuse para a súa casa.





Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Conto



### A familia

Unha mañá, Francisco chegou ao colexio e lle contou a súa mellor amiga que súa nai ía ter un bebé. A tarde anterior lle dixeron que na tripiña da súa nai estaba o seo irmán ou irmá e que íse converter en irmán maior.

Francisco estaba emocionado, sempre quixera ter unha irmá coa que xogar aos cromos e botar partidas na consola.

Rosa, súa nai, esperaba con ilusión a chegada do novo membro da familia. Tiña medo de non saber coidalo ben, pero sabía que estaba en boas mans, que se Deus lle mandara un novo fillo é porque sabía que podería coidalo ben. Vivían nun pequeno pobo. Esa finde de semana, foron todos ao pobo do lado a contarlles á familia que pronto serían un máis. Toda a familia alegrouse moitísimo coa nova. Rosa estaba contenta, porque sabía que ese bebé traería ledicia, que seu fillo sería un excelente irmán maior e que aínda que era pequeno, sabería coidar do bebé.

Para coidar de que o embarazo for ben, procuraba camiñar tódolos días, Todas as tardes, do brazo do seu marido Paco ían polo camiño a respirar aire puro e desfrutar da natureza. Cando camiñaban o bebé sempre se movía na tripiña, gustáballe que seus pais foran de camiño en camiño. Aos meses, naceu unha preciosa nena, polo que Francisco estaba super contento, ao igual que seus pais. En canto puideron, foron ao camiño e mirando ao ceo rezaron a Deus para que sempre protexera ao bebé e todos viviran felices.



Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Actividade



### Cambio de postura

Delimítase un espazo, un camiño a recorrer. Todo o grupo sitúase en fila e adopta unha postura fixa, como para facerse unha foto. A persoa que a liga debe observar moi ben as posturas e xirarse mentres o grupo cambia unha ou máis posturas, según a dificultade de xogo que se queira.

É entón cando a persoa e turno e debe adiviñar os cambios de postura. Por cada persoa que adiviña da un paso polo camiño e se queda alí. Agora é o turno doutro xogador. Todos van avanzando polo camiño adiviñando os cambios de posturas.







Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Oración



quero seguir os teus pasos, móstrame o camiño, quero que me apertes como apertaste a Xesús.

Escóitame, María, ensíname a ser xeneroso como ti o fuches e dille ao teu fillo Xesús que o queremos moito. Amén.





Terceira semana **17 Decembro 2023**


## Evanxeo



### Lucas 2, 1-7

Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadroamento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Conto



### O prato de migas

Onte fumos comer a un restaurante moi bonito. Puxeron un prato chamado “Migas” e o que máis me gustou foi a historia do prato. Está feito de pequenas boliñas parecidas ao cous cous e que se acompaña con moitas cousas como laranxa, pementos, peixe frito, olivas, tomate, morcilla, chourizo, allo, ou incluso chocolate! A dona do restaurante contounos que antiguamente nesa zona chovía moi pouco e que cando chovía celebrábanse festas e se reunían tódolos veciños a comer.

Cada un aportaba o que tiña: o que sembraba trigo, poñía a base de masa e se non tiña, o panadeiro daba pan. O agricultor traía verduras, o escador o que collera ese día. Por iso ese prato ten tantas cousas diferentes, ninguén quedaba fóra, tódolos alimentos eran benvidos.

Pola noite estiven pensando en que algo moi parecido pásanos con Deus, todos nos xuntamos na igrexa para rezarlle, para celebrar con El e cada un de nós aporta o que ten, todos sumamos.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Actividade

### Agasallos

Poranse a disposición dos participantes todo tipo de cousas que haxa polo lugar, como cartulinas, rotuladores, teas, todo serve. Faise un sorteo e cada participante terá que crear un agasallo para a persoa que lle tocou no sorteo. Poranse todos os regalos ao lado da coroa de Advento e cando se vaian entregando, cada participante contará porque fixo ese agasallo, contando algo que se lle de ben facer.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Oración



Señor Xesús, ensíname a busca-lo ben dos meus amigos antes que o meu propio, ensíname a compartir e buscar sempre o mellor para todos.

Que non pelexe nin me enfade cos meus amigos.

Que acepte con humildade os seus consellos e as súas palabras.

Amén.





Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lluc 2, 8-20


Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ao descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

- Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David nacevos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte. E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que louvaba a Deus dicindo:

- Gloria a Deus no ceo e na terra paz aos homes que gozan do seu amor!

Cando os anxos se retiraron marchándose ao ceo, comentaban os pastores entre eles:

- Vaiamos a Belén ver o que sucedeu e que o Señor nos manifestou. Foron a correr e atoparon a María e mais a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. O que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón. Os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.







Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Conto



### O paxaro

Ola! Chámome Felipe, son un paxaro. Son o fiel acompañante dun pastor chamado Tomi. Vivimos en Belén e coidamos un rebaño de ovellas.

Os nosos días son felices, estamos polos campos, coas nosas ovelliñas.

Eu vou sobrevoando a zona, é preciosa, deberías ir visitala algunha vez.

Mentres, o pastor vixías ás ovells e fala cos seus compañeiros pastores.

Todo o mundo quere moito a Tomi, escoita sempre a todos e da moi bos consellos.

Fai uns días sucedeunos algo increíble. Era de noite, unha noite fría. Os pastores acenderon unha fogueira e estaban ao seu redor, cubertos coas súas capas e capuchas. Contaban historias e o ambiente era moi agradable. De súpeto, aparecéusenos o Anxo do Señor e díxonos que nacera o Salvador, que fóramos a visitalo nun pesebre moi preto. Eu mirei a Tomi e notei que a súa cara era de ilusión, que estaba emocionado e quería ir enseguida a coñecer e darlle honra ao neno recién nacido. Púxose en pé, miroume e dixo: -Felipe e eu imos buscar o pesebre, quen ven? Todos os pastores puxéronse en pé e colleron as súas cousas, marcharon cos seus rebaños. Os pastores ían mirando o ceo, o principio pensei que me estaban seguindo, ata que me din de conta que ían mirando unha estrela que alumeaba e indicaba o camiño.

Non tardaron moito en chegar. Conforme se achegaban, os pastores ían sacando cousas dos seus zurróns e se dispuxeron a coñecer ao Neno.

Tomi ía o primeiro, cando chegou encontrouse cun xoven matrimonio e un recién nacido. Aínda que o lugar non era moi elegante, o matrimonio estaba feliz, sorrindo mentres miraban ao pequeno.

Tomi axeonllouse cheo de emoción diante deles e sen pensalo, quitou a capa e púxoas aos pés do neno. para que se abrigara. Despois, baixou a cabeza e rezou por el.

Cando íamos de volta, Tomi ía contándolle a todo o mundo co que se cruzaba o que sentira estando co neno e animaba a todos a ir coñecelo.

Foi o mellor día da miña vida de paxaro, poder acompañar a estos pastores mentres seguían sen dubidar a esa estrela que os levou ao pesebre.



Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Actividade

### Mensaxes

Para realizar na rúa.

Nun lugar colócase un Belén, e ao carón, unha cesta con papeis e bolígrafos.

Tódolos participantes teñen que achegarse a alguén descoñecido e contarlle que Xesús acaba de nacer, que se lles gustaría deixarlle unha mensaxe para cando saiba ler. Acompañan á persoa ata o Belén e danlle un anaco de papel e un bolígrafo para que escriban a súa mensaxe e o deixen na cesta.

Os participantes tamén teñen que escribir a súa mensaxe a Xesús. Cando todos o fagan, lense as mensaxes e comentan.





Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Oración



En ti creo e confío, Xesús e aínda que non sei moito da vida  
síntome tranquilo se ti vas da miña man.  
Non permitas que nada nin ninguén me alonxe de ti, nin da túa  
Nai María, que nos coida coma se fóramos seus fillos. Amén.





# 9 a 11 anos





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 1, 26-38

Aos seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

- Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

- Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ao anxo:

- E como pode ser isto, pois eu son virxe? O anxo replicoulle:

- O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles. María contestou:

- Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onda ela.







Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Conto



### O anxo

Conta a lenda de que no ceo había moitos anxos. Uns eran grandes, con enormes ás. Pero tamén había nenos anxos. Pequeniños que correteaban entre as nubes formando escándalo cos seus risos e falcatruadas.

Deus mirabaos embobados, encantaballe pasar as horas mirando como os pequeniños xogaban e alegraban o ceo cos seus cantos e troulas.

Cando Xesús estaba a punto de nacer, Deus tiña que escoller ao anxo que baixaría desde o ceo e contará aos pastores que xa naceu o Salvador.

Quedou mirando aos anxos que tiña ao seu redor e decidiu que sería un dos anxos pequeniños, pero tiña que escoller ben quen tería a honra de levar a cabo esa misión: pensou que Miguel ou Pablo poderían ser dignos merecedores de dar a nova, pero non estaba seguro de todo. Nese momento, outro grupo de anxos pasou ao seu lado cantando, entre eles estaban Mel, Xoan, Salva e varios máis. Calquiera deles podería ser o elixido, pero non se decidía.

Ao final decidiuse por un deles, pero decidiu non contarlle a ninguén a quen escollera, xa que a historia se encargaría de porlle outro nome.

Así que chegou o día do nacemento de Xesús e Deus mandou ao seu querido anxo a que dera a nova aos pastores e aínda que era pequeniño, para os ollos humanos era moi grande e maxestuoso.





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Actividade

### Ás de anxo


#### Materials:

- Ás de anxo
- Duas perchas de metal por participante.
- Papel con calado para pasteles.
- Cinta illante.

Dobranse as perchas como na imaxen e fíxanse con cinta illante.

Pasase cinta illante realizando varias franxas nos ocos das ás.

Dobrar o papel con calado e ir colocándoas na cinta illante cubrindo todo o espazo das ás.





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Oración



María, ofrecemosche o noso traballo, as nosas inquedanzas e ilusións.  
Queremos ser amigos fieis como o teu fillo Xesús.  
Queremos pensar nos máis necesitados e vivir como homes novos,  
compartindo as nosas vidas e creando fraternidade. Amén.





Segunda semana **10 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 1, 39-56

Naqueles mesmos días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou: A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador, porque reparou na súa humilde escraviña. Velaí: desde agora tódalas xeracións me van felicitar. Marabillas o Poderoso fixo en min!


O seu nome é Santo; a súa misericordia chega xeración tras xeración a todos os que o temen. Manifesta o poder do seu brazo, desbaratando os plans dos soberbios. Derruba do seu trono aos poderosos, e fai subir os humildes; aos famentos éncheos de bens, e aos ricos despídeos baleiros. Ampara a Israel, o seu Servidor, lembrándose da súa misericordia, conforme prometera a nosos pais, en favor de Abraham e da súa descendencia para sempre.

María permaneceu con ela tres meses, e logo volveuse para a súa casa.



Segunda semana **10 Decembro 2023**

## Conto



### A botella

Xosé era un mercader que ia de vila en vila co seu carromato cheo de quincalla para vender e intercambiar.

Unha vez chegou a unha vila e sorprendeuse ao ver que todo o mundo estaba triste. Preguntoulle a varios habitantes da vila, pero ninguén soubo contestarlle, sempre estiveran así e non sabían porse ledos.

Xosé tivo unha idea. Foi ao seu carromato e sacou unha botella de cristal, estaba decorada con cristaliños de cores que ao reflexar a luz daban un efecto de arco da vella.

Xosé abriu a botella, soprou dentro e con moito coidado pechou o tapón. Deulle a botella a un comerciante próximo e dixolle que esa botella estaba chea de ledicia, que a abra e cheirase un pouco o interior e que a ledicia chegaría.

Ao comerciante non o pensou e fixo o que Xosé indicara. Ao pouco tempo, o comerciante comezou a sorrir e a sentir ledicia. Non tardou en darlle a botella o seu veciño e el destapou a botella con curiosidade cando o comerciante contou a historia.

Pouco a pouco, a botella foi pasando de man en man por todo a vila e todos se foron contaxiando da ledicia de Xosé.

Cando a botella volveu a mans do comerciante, este achegouse a Xosé para devolverlla e preguntoulle polo segredo da botella.

Xosé dixolle que a botella estaba baldeira, que a ledicia levabana todos dentro e que era contaxiosa, que por iso, cando un está ledo, debe estar cos demais para que siga habendo ledicia sempre.



Segunda semana **10 Decembro 2023**

## Actividade

### A mantiña

Facer manta de actividades.

#### Materials:

- Un anaco de tea grande.
- Diferentes retallos de tea de diferentes texturas como velcro, terciopelo, seda...
- Varios trozos de materiais como plástico de burbullas, papel pinocho, lixa...

Cada participante ten un trozo de tea, e nela vai cosendo ou pegando diferentes teas con texturas e obxectos, para que podan ser tocados por un bebé.

Cando se terminasen todas, escollese unha entre todos e levase ao Belén para que o neno Xesús xogue con ela e o resto donanse a un hospital.







Segunda semana **10 Decembro 2023**

## Oración



Bendita sexa a tua pureza e o sexa eternamente, pois todo un Deus se recrea, en tan graciosa beleza. A Ti celestial princesa, Virxe Sagrada María, ofrezote neste día, alma vida e corazón. Mírame con compaixón, Non me deixes, Miña nai. Amén.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 2, 1-7

Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadroamento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Conto



### Os nenos

Eu son mellor ca ti porque nacín nesta vila.

Había unha vez unha vila na que vivían poucos habitantes. Todos se coñecían desde sempre. Era unha vila na que os nenos podían ir sós pola rúa porque sempre había algún veciño preto que lles botaba un ollo para que non lles pasara nada.

Un día chegou a vila unha familia nova. O pai conseguira traballo nunha fábrica próxima. Con el ia a súa muller e tres nenos pequenos. O día que chegaron, os pais non se atrevían a deixar sós aos peques, porque pensaban que perigaban, pero pronto decatáronse de que a vila era segura e que podían deixalos xogar por las rúas. En canto se enteraron de que había nenos novos pola vila, os que vivira sempre alí achegáronse a coñecelos e invítalos a ir con eles ao río próximo a alí.

Cando chegaron ao río comezaron a facerlles preguntas para saber a que foran a vila. Os novos ían contestando a súas preguntas ata que chegou un momento no que os que vivían alí dixeronlles:

- Esta vila é nosa, non queremos a nenos novos, nos nacimos aquí e somos mellores ca vos.


Os nenos novos sentíronse moi tristes ao oírles dicir iso, polo que decidiron irse a casa. Os nenos novos seguiron xogando na rúa, pero sós. Os outros nenos non se lles achegaban.

Ao pouco tempo, os nenos novos sentíronse moi tristes polo que lles dixeron aos outros e pouco a pouco foron achegándose máis a eles. Decatáronse de que por nacer alí no eran mellores ca niguén e que podían aprender moitos xogos novos dos seus novos amigos. En poucas semanas xa non se podía saber quen era da vila desde sempre e quen acababa de chegar, todos xogaban xuntos e as risas dos pequenos escoitábanse por todos os rincóns da vila.



Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Actividade



### O Belén

#### Materiais:

Paus de xeados (polos)

Rafia

Tesoiras

Pegamento

Papel marrón

#### Pasos a seguir:

Pega os paus que forman o Belén do mesmo modo que están na imaxe de abaixo con pegamento.

Pega o triángulo de papel marrón o Belén de pauciños de paleta da mesma forma que aparece na imaxe.

Repite o proceso e úneos en forma de berce có papel marrón.

Agora é o momento de pegar rafia aos extremos dos paus e tamén pegaremos algúns trozos de rafia no Belé para formar a palla.

Cando todos rematen de realizalo. Cambiarán o seu Belé coa persoa do lado, para que o leve a casa e o teña presente en Nadal.




Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Oración



Mirándote acostado no nacemento, acompañado do amor de María e de Xosé, quero poñer nas tuas mans as miñas ilusiones e temores. E quero poñer nas tuas mans o mundo enteiro a quen máis quero e a quen non coñezo, aos de preto e aos de lonxe; e, sobre todo, aos que máis sofren. Amén.







Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lluc 2, 8-20

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ao descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

- Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David nacevos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte. E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que louvaba a Deus dicindo:

- Gloria a Deus no ceo e na terra paz aos homes que gozan do seu amor!

Cando os anxos se retiraron marchándose ao ceo, comentaban os pastores entre eles:

- Vaíamos a Belén ver o que sucedeu e que o Señor nos manifestou. Foron a correr e atoparon a María e mais a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. O que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón. Os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.





Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Conto




### A caixa

A caixa de lembranzas, onde se garda todo o que se conta.

Do nacemento de Xesús contáronse xa moitas cousas, pero creo que nunca se contou isto. Din que cando o anxo se apareceu aos pastores, todos se levantaron e partiron para ir velo. Pero ninguén contou nunca a historia do pastor chamado Santiago.

Contan que cando o anxo xa marchara, quedou sentado no chan pensando que facer, se visitar a Xesús ou non. Ao pouco, tivo unha idea. Colleu unha caixa e foi a vila máis achegada. Alí íase achegando a xente e contaballes que nesa caixa había un gran agasallo para todos, que un anxo llo agasallara no campo. A xente achegábase con curiosidade e el ía pasando a caixa para que miraran dentro. Na caixa, había un debuxo dun bebé sorrinte e dun anxo. O pastor contaballes o que o anxo dixerá e todos quixeron ir ver ao bebé.

Santiago contoulle a toda a vila coa súa caixa a boa nova do anxo, xa que pensou que tal nova tiña que sabela todo o mundo. A súa caixa acompañáballe sempre: a caixa co segredo máis grande xamais contado.





Cuarta semana **24 Decembro 2023**


## Actividade

### A estrela

A persoa que dirixe o xogo prepara estrelas de cartolina amarela (moitas máis co número de participantes) e no centro delas escribe unha acción: falanos da túa familia, conta un chiste, ordena aos demais por orde de nome, salta dúas veces a pata coxa...

Colganse todas as estrelas con corda no teito do cuarto.

Todos os participantes dispérsanse polo cuarto e deambulan mentres soa música de nadal. Cando se pare a música, se alguén quedou debaixo dunha estrela, ten que collela e realizar a acción. Cando a realiza saese aos lados do cuarto e o resto continúa deambulando polo cuarto ata que todos teñen unha estrela.






Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Oración



Quixese ser estrela e guiar aos homes ao encontro con Xesús. Quixese ser un anxo, para anunciar o nacemento do Neno en Belén. Quixese ser pastor para achegarme o primeiro e adorar ao Señor. Quixese ser Rei Mago, levar ouro para Aquel que é Rei, incenso para Aquel que é Deus e mirra para Aquel que é home. Quixese ser boi e mula e ofrecer a todo o que o necesite, o mesmo calor, que a Cristo quero dar. Quixese ser Xosé para mirar e acompañar ao Deus Emanuel. Quixese ser berce de Xesús para, como María, miralo, contemplalo, cuidalo. Facer de El, o centro da miña vida. Amén.



**12 a 14 anos**





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Evanxeo



### Lucas 1, 26-38

Aos seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

- Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. O anxo continuou:

- Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás á luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.


María respondeulle ao anxo:

- E como pode ser isto, pois eu son virxe? O anxo replicoulle:

- O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles. María contestou:

- Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.

E o anxo marchou de onda ela.





Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Conto



### As tres árbores

Había unha vez tres árbores nun outeiro dun bosque. Falaron dos seus soños e plans para o futuro.

– “Algún día serei un cofre do tesouro. Estarei cheo de ouro, prata e pedras preciosas. Todos verán a miña beleza. – dixo a primeira árbore.

A segunda árbore dixo: “Algún día serei un gran barco onde os máis grandes reis e raíñas viaxan polos océanos. Todos se sentirán seguros pola miña forza e o meu poderoso casco”.

Finalmente a terceira árbore dixo:

“Quero medrar para ser a máis alta de todas as árbores do bosque. Entón estarei preto de Deus. Serei a árbore máis grande de todos os tempos e a xente sempre se lembrará de min”.

Durante anos, as tres árbores pregaron a Deus para que os seus soños se fixeran realidade.

Un día, un leñador cortou as árbores e vendeullas a uns carpinteiros. Coa primeira árbore fixeron unha caixa de comida para os animais, colocárona nun pesebre e enchérona de palla. Sentíase moi mal porque iso non era o que pedira tanto.

Finalmente, alguén colleu dúas das táboas que había na tenda e nelas crucificaron a Xesús. Cando chegou o domingo, Xesús resucitou de entre os mortos, e a terceira árbore sentiu que estivera máis preto de Deus do que nunca podería imaxinar.

Cando parece que as cousas non van segundo os teus plans, pensa que Deus sempre ten o mellor plan para ti.

Cada árbore obtivo o que soñaba, aínda que non da forma que tiñan planeado.

Non sempre sabemos o que Deus planea para nós, só sabemos que os seus plans son sempre os mellores e só El os coñece.




Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Actividade

### Seguir o sinal

todo o grupo tapa os ollos e o responsable (DEUS), movéndose polo lugar, dilles que sigan a súa voz ou algún son que fai (vento, paxaro, ovella, etc.).

Tamén podes achegarte a alguén e dicirlle ao oído que faga un certo ruído e que os demais teñan que seguilo, cambiando de persoa e sonando sucesivamente ou indicando que máis dunha persoa faga sons.








Primeira semana **3 Decembro 2023**

## Oración



Calo ante a túa presenza, porque ti coñeces o máis íntimo da miña vida. Aquí estou, Señor, co meu corazón cómo é: sen ocultarlle nada aos teus ollos abertos. Aquí estou como arxila fresca esperando ser modelada polas túas mans misericordiosas. Protexe a miña vida. Sálvame. Confío en ti.





## Evanxeo



### Lucas 1, 39-56

Naqueles mesmos días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou: A miña alma proclama a grandeza do Señor, e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador, porque reparou na súa humilde escraviña. Velaí: desde agora tódalas xeracións me van felicitar. Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo; a súa misericordia chega xeración tras xeración a todos os que o temen. Manifesta o poder do seu brazo, desbaratando os plans dos soberbios. Derruba do seu trono aos poderosos, e fai subir os humildes; aos famentos éncheos de bens, e aos ricos despídeos baleiros. Ampara a Israel, o seu Servidor, lembrándose da súa misericordia, conforme prometera a nosos pais, en favor de Abraham e da súa descendencia para sempre.

María permaneceu con ela tres meses, e logo volveuse para a súa casa.





Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Conto



### Os tres camiños

Tres alumnos tiveron que facer unha reportaxe da paisaxe para un exercicio audiovisual no Instituto. O exercicio consistiu nunha reportaxe fotográfica, un estudo da fauna e un texto explicativo do observado.

Era importante levar material suficiente para que o estudo fose preciso. Os tres saíron no mesmo coche, chegaron ao lugar elixido e iniciaron a súa investigación. Cando chegaron viron que había tres estradas distintas para acceder á vila. Unha delas era sinuosa, empinada, rochosa e de difícil navegación. Había que facer o traxecto camiñando e superando os obstáculos que atopaban. O outro camiño era curto, sen pedras e fácil, sen obstáculos. Podíase ir perfectamente en coche. A terceira pista tamén era transitable. Estes últimos sendeiros non chegaban á zona máis alta, os habitantes dicían que había unha paisaxe increíble, unhas especies de aves moi singulares e o ceo cobraba unha cor especial ao anoitecer.

Cada un dos alumnos escolleu unha ruta diferente. Un escolleu o que tiña máis pedras, máis dificultades. Os seus compañeiros díxéronlle que estaba tolo, que saírían de apuro e sacarían unhas fotos. Poderían facelas co móbil, para rematar rapidamente. Explícolles que se querían facer un traballo ben feito terían que facer o camiño máis complicado, buscar a paisaxe con máis luz, estudar mellor as plantas e ver a posibilidade de facer unha curtametraxe de calidade. Os seus compañeiros non se puxeron de acordo, sacaron axiña unhas fotos, percorreron a estrada e foron merendar, mentres chegaba a súa compañeira.

Mentres merendaban comentaron que era un esforzo inútil, seguramente nin sequera ían mirar a curtametraxe. Cada un entregou o seu traballo. O profesor amosou o traballo que conseguira mellor puntuación. As fotografías tiñan unha iluminación excelente, a variedade de plantas era moi diferente ás que se atopaban normalmente e había aves descoñecidas para a maioría.

Cando atopamos dificultades, aprendemos a superalas, fortalecenos. Temos a satisfacción de ser responsables, de facer o que debemos en cada momento e de enriquecernos co que descubrimos.

Igual que María, cando recibiu a noticia do embarazo da súa curmá Isabel, non dubidou nin un segundo en poñerse en marcha, en ofrecer o seu apoio e estar ao seu carón. Malia o que significaba naquela época percorrer esas distancias, mentres ela tamén estaba embarazada, ir a lugares descoñecidos, deixar a súa casa e as súas comodidades para estar ao servizo dos demais.

Na vida tamén atopamos camiños curtos e sinxelos, camiños para "cubrir o ficheiro", para librarnos da tarefa, camiños que non requiren da miña participación, pero que non levan a ningún lado. Os camiños longos e empinados non sempre nos levan ao éxito, temos medo de acometerlos, requiren un gran esforzo, fannos suar... Como aquela marcha que todos lembramos porque nunca chegamos, cansos, con bochas nos pés, baixo un sol abrasador... Fíxonos acompañar aos máis esgotados, repartir o peso entre varios, compartir a miña única cantimplora... E cando chegamos arriba todo cambia, todo ten sentido, chega a recompensa, a satisfacción e o logro. Descubrimos unhas vistas privilexiadas que non todos ven.



## Actividade

### O camiño máis longo

#### Obxectivos:

- Enriquecer as ligazóns a través do xogo
- Abordar un reto e crear estratexias
- Analizar os roles asumidos e como flúe o liderado entre algúns participantes
- Promover a creación de iniciativas creativas
- Fomentar a cooperación e o traballo en equipo

#### Desenvolvemento:

Para poñer en práctica este exercicio é necesario realizalo en espazos moi amplos ou ao aire libre. Tamén esixe que o grupo sexa moi numeroso para poder formar dous equipos de polo menos dez participantes cada un.

O grupo divídese en dous equipos, cada un co mesmo número de membros.

Partindo do mesmo lugar, cada equipo debe construír o camiño máis longo empregando o seu corpo, roupa e obxectos que teña nese momento.

O camiño non se pode cortar baixo ningún concepto e só terán cinco minutos para construílo.

O equipo con maior traxectoria é o gañador.

Ao remate a actividade pódese realizar un espazo de debate e reflexión para comentar como se senten ao final do xogo. E como se sentiron mentres se realizaba a actividade.





Segunda semana **3 Decembro 2023**

## Oración



### **Aunque falten fuerzas o no existan recursos...**

Axúdame a poñerme en camiño aínda que o horizonte me parece escuro, aínda que a recompensa, ante o mundo, se estima en nada aínda que falten fuerzas e non haxa recursos aínda que moitos pensen que o que traio, Non é nada ou moi pouco.

Axúdame a poñerme en camiño deixando de lado o que me paraliza, deixando de lado o que me escraviza, deixando de lado o que divide o meu corazón en dous, deixando de lado o que dificulta pregoarte.

Axúdame a poñerme en camiño, sen poñer excusas, cando non recollo froito, Sen excusas, cando me falta o alento, sen poñer excusas, cando non son aplaudido, sen poñer excusas, cando non son se me recoñece.

Axúdame, Señor, a poñerme en camiño, desfacendome de todo o que materialmente non me serve, desprendéndome de min mesmo, desprendéndome das muletas, da vergoña ou da covardía, desprendéndome de todo o prestixio persoal para facete presente.

Axúdame, Señor, a poñerme en camiño, poñendo a túa man, sobre os enfermos, anunciando o teu reino, sobre os abatidos, levando a túa Boa Nova, sobre os pesimistas, alimentando coa túa Palabra, os mortos espiritualmente, alimentando coa túa Eucaristía, os débiles polo pan do mundo. Amén.





Terceira semana **17 Decembro 2023**


## Evanxeo



### Lucas 2, 1-7

Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadroamento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.





Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Conto



### A viúva pobre (un testemuño de amor e sacrificio)

Naqueles días, mentres Xesús ensinaba no templo maxestuoso, os seus ollos caeron sobre unha figura solitaria e humilde. Era unha viúva pobre, cuxo rostro reflectía o peso das súas penurias e as dificultades da súa vida cotiá. Con pasos lentos e titubeantes, a viúva achegouse ao lugar onde os ricos e poderosos depositaban as súas ostentosas ofrendas. Na súa man temblorosa sostíña dúas pequenas moedas de cobre, apenas suficientes para calmar a fame que axexaba a súa existencia.

Decididamente, a viúva colocou as moedas no tesouro do templo. Nese preciso momento, Xesús mirou para ela con tenrura. Os seus ollos enchéronse de bágoas ao presenciar o acto de amor e sacrificio desta humilde muller.

Xesús, reunindo aos seus discípulos, falou con voz tranquila pero emotiva: "¡Mira! Esta viúva, na súa pobreza, ofreceu máis que todas as demais. Mentres eles daban da súa abundancia, ela deu todo o que tiña para vivir". Os discípulos, abraiados polas palabras do seu Mestre, preguntáronse como podía ser isto. Observaron como os ricos ofrecían grandes cantidades de diñeiro, impresionando aos demais coa súa aparente xenerosidade. Porén, Xesús, co seu amor compasivo, reveloulles a verdadeira esencia do sacrificio.

"Esta pobre viúva renunciou a moito máis que só moedas de cobre", dixo Xesús. "Deu o que tiña, o seu sustento diario, a súa seguridade e a súa esperanza. No medio da súa falta, demostrou unha fe inquebrantable e unha confianza absoluta na providencia de Deus".

As palabras de Xesús resoaron no corazón dos seus seguidores, facendo eco no seu ser máis profundo. Aprenderon que o valor dunha ofrenda non reside na súa cantidade material, senón na entrega total e desinteresada do corazón. A pobre viúva ensinoulles que Deus aprecia o amor e o sacrificio que acompañan cada acto de xenerosidade.

Dende aquel día, os discípulos comprometéronse a seguir o exemplo da viúva. Decidiron vivir cunha actitude de total entrega e amor desinteresado. Entenderon que por pouco que teñamos, se o damos con xenerosidade e fe, Deus pode facer grandes marabillas a través das nosas accións.

A historia da viúva pobre converteuse nun testemuño duradeiro de amor e sacrificio. Lémbmanos que, aínda que vexamos limitados os nosos recursos, nunca debemos subestimar o impacto que os nosos actos de xenerosidade e doazón poden ter na vida dos demais. Se damos o pouco que temos co corazón desbordado de amor, Deus será o encargado de multiplicar as nosas ofrendas.




Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Actividade

### Obradoiro: "Caixas de Compartir"

#### Materiais:

- Cartolinas de cores
- Tesoiras
- Pegamento ou cinta adhesiva
- Rotuladores ou lápices de cores
- Marcadores ou adhesivos decorativos (opcional)



#### Instrucións:

Levar un patrón do cubo sen tapa e copialo nas cartolinas de cores. Precíase un cadrado por cada participante. A continuación, recórtase o patrón e péganse ou asegúranse os extremos da cartolina con pegamento ou cinta adhesiva, formando unha caixa pequena aberta por un dos lados (non se debe pegar a tapa).


Decóranse as caixas con rotuladores, lapis de cores, marcadores, adhesivos ou debuxos para facelas máis chamativas.

Unha vez que as caixas están decoradas explícase que estas representan o símbolo de compartir o pouco que temos e pídesse que escriban ou debuxen algo nun papel que represente o que lles gustaría compartir con alguén que o precise. Logo colocan o papel no interior da caixa.

Anímase a reflexionar sobre a importancia de compartir, incluso cando temos pouco. Pódese guiar unha conversa sobre como compartir nos fai sentir ben e pode facer a diferenza na vida dunha persoa. Ao rematar a actividade os participantes levarán as caixas para casa e e suxerírase que as empreguen como recordatorio de compartir o pouco que teñen cos demais.

Este obradoiro dalles a oportunidade de reflexionar sobre a humildade e a importancia de compartir, incluso cando non teñen moito. Ademais, ao levaren as caixas para casa esras servirán como símbolo tanxible da lección que aprendero e como recordatorio diario da xenerosidade e a humildade.







Terceira semana **17 Decembro 2023**

## Oración



Querido Deus.

Pedímosche que nos guíes no camiño da humildade e a xenerosidade. Axúdanos a comprender que o pouco que temos pode marcar unha gran diferenza na vida dos demais se o entregamos con amor e desinterese. Ensínanos a compartir con ledicia e a valorar a oportunidade de servir aos demais. Que a nosa xenerosidade sexa un reflexo do teu amor e que poidamos ser instrumentos da túa graza neste mundo. Amén.





## Evanxeo



### Lluc 2, 8-20

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ao descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

- Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David nacevos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte. E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que louvaba a Deus dicindo:

- Gloria a Deus no ceo e na terra paz aos homes que gozan do seu amor!

Cando os anxos se retiraron marchándose ao ceo, comentaban os pastores entre eles:

- Vaíamos a Belén ver o que sucedeu e que o Señor nos manifestou. Foron a correr e atoparon a María e mais a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. O que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón. Os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.





Cuarta semana **24 Decembro 2023**

## Conto



### A pequena candea

Érase unha vez unha pequena candea que viviu feliz a súa infancia, ata que certo día entroulle curiosidade en saber para que servía ese fío negro e finiño que sobresaía da súa cabeza. Unha candea vella díxolle que ese era o seu “cabo” e que servía para ser “acendida”. Ser “acendida”, que significaría iso?. A candea vella tamén lle dixo que era mellor que nunca o soubese, porque era algo moi doloroso.

A nosa pequena candea, aínda que non entendía de que se trataba, e aínda cando lle advertían que era algo doloroso, comezou a soñar con ser acendida. Pronto, este soño converteuse nunha obsesión. Ata que por fin un día, “a Luz verdadeira que alumea a todo home”, chegou coa súa presenza contaxiosa e iluminouna, acendeuna. E a nosa candea sentiuse feliz por recibir a luz que vence ás tebras e dálle seguridade aos corazóns. Moi pronto deuse conta de que recibir a luz constituía non só unha alegría, senón tamén unha forte esixencia... Si. Tomou conciencia de que para que a luz perdurase nela, tiña que alimentala desde o interior, a través dun diario derretirse, dun permanente consumirse... Entón a súa ledicia cobrou unha dimensión máis profunda, pois entendeu que a súa misión era consumirse ao servizo da luz e aceptou con forte conciencia a súa nova vocación.

Ás veces pensaba que sería máis cómodo non recibir a luz, pois no canto dun diario derretirse, a súa vida sería un “estar aí”, tranquilamente. Ata tivo a tentación de non alimentar máis a chama, de deixar morrer a luz para non sentirse tan molesta.

